

Recurso nº 136/2018**Resolución nº 117/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. J.A.E.G. actuando en nome e representación da FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE LA DEPENDENCIA contra os pregos que rexen a contratación de servizos de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña, expediente PCO001201800207, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A Deputación Provincial da Coruña convocou a licitación do contrato de servizos de teleasistencia domiciliaria, cun valor estimado declarado de 4.153.846,15 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación Pública do Sector Público o 15.11.2018 e no DOUE o 27.03.2018 (anuncio de información previa) e o 15.11.2018 (anuncio licitación).

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP).

Terceiro.- Impúgnanse os pregos que rexen a contratación porque o recurrente considera que, entre os criterios avaliados de forma automática, se inclúe como criterio de adxudicación unha redución do prazo de instalación dos terminais que beneficia ao actual prestador do servizo de teleasistencia.

Cuarto.- O data 26.11.2018 foi a interposición do recurso especial pola FEDERACIÓN EMPRESARIAL DA DEPENDENCIA, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia e na web do TACGal.

Quinto.- O 26.11.2018 reclamouse á Deputación Provincial da Coruña o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 LCSP. A documentación foi recibida neste Tribunal o día 28.11.2018.

No expediente figuran a resolución do órgano de contratación, do 27.11.2018 pola que se acorda o desestamento da referida contratación e mais os correspondentes anuncios publicados na plataforma de contratación e no DOUE na data 28.11.2018.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- A recurrente dispón de lexitimación para a interposición do presente recurso ao dispoñer dun interese lexítimo por tratarse dunha asociación representativa de intereses relacionados co obxecto do contrato, actuando en defensa dos intereses colectivos dos seus asociados así aparece a lexitimación prevista no artigo 48 LCSP *“En todo caso se entenderá legitimada la organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.”*

Cuarto.- En base ás datas descritas, o recurso foi interposto en prazo.

Quinto.- Estamos perante a impugnación dun contrato de servizos de valor estimado superior a 100.000 €, polo que o recurso é admisible o abeiro do artigo 44 LCSP.

Sexto.- Antes de abordar outros aspectos, hai que deterse no feito de que existe un acordo do órgano de contratación do 27.11.2018 polo que se desiste do procedemento da contratación dos servizos de teleasistencia domiciliaria, referencia PCO.001.2018.00207. Nese acordo tamén aprobou publicar a desistencia no DOUE e na Plataforma de Contratación do Sector Público.

O órgano de contratación apreciou un erro non emendable nos pregos e, considerando que dito erro pode afectar á formulación das ofertas dos licitadores e para asegurar o respecto aos principios de igualdade, publicidade e non discriminación, considerou necesario desistir da contratación para emendar o erro, de conformidade co artigo 152 LCSP.

Dado que o órgano de contratación desiste da contratación cuxos pregos foron impugnados, cabe poñer fin ao presente recurso como consecuencia da carencia sobrevida do seu obxecto. Así, as cuestións suscitadas quedaron sen obxecto ao acordar o órgano de contratación a desistencia do procedemento.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por FEDERACIÓN EMPRESARIAL DE LA DEPENDENCIA contra os pregos da contratación dos servizos de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial de A Coruña, no sentido manifestado no último dos fundamentos.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.